

Un bo ano para as letras galegas

Por XOSÉ FERNÁNDEZ FERREIRO

O premio nacional de Literatura que se lle vén de conceder a Alfredo Conde pola súa novela «Xa vai o griffon no vento» é algo así coma o broche de ouro co que se pecha un ano de gran importancia para as letras galegas e o seu recoñecemento, tanto aquí como a nivel do Estado español. Hai que ter en conta, ademais, que con esta obra competiron outras dúas de escritores galegos: «Arnoia, Arnoia», de Méndez Ferrín, tamén de narrativa, e «Cantos caucanos», de Avilés de Taramancos, de poesía. Por outra parte, a este premio de Alfredo Conde hai que engadir o nacional de Literatura Infantil que lle foi otorgado a finais do pasado mes a Paco Martín polo seu libro «Das cousas de Ramón Lamote». É a primeira vez que obras escritas en galego acadan semellantes recompensas.

Semella que, por fin, despois de tantos anos de esquecemento e marxinación, a literatura galega ábrese paso e é valorada fóra de Galicia, concretamente polos estamentos oficiais da cultura do Estado. Hai moito tempo que a literatura galega é importante, pero non era recoñecida mais alá das nosas fronteiras, e nin sequera aquí, porque aquí bailamos un pouco o son das gaitas que tocan na capital de España. Con todo, convén ter coidado. Pois se hoxe nos dan unhas cariñosas palmetadas no ombro, mañá poden darnos un couce noutra parte. Non sería a primeira vez. Pero o feito é importante e cómpre valoralo na súa xusta medida, non só polo que supón para os autores galardonados, senón para Galicia.

Cando hai tantos que aquí mesmo entre nós rechazan o galego, non deixa de ser reconfortante que os premios veñan de Madrid e dados a obras que competiron con outras en castelán e as demais linguas españolas.

Hai hoxe un gran interese pola cultura galega, especialmente polo seu idioma, vehiculo fundamental da súa expansión que, pese as fobias de moitos e ós escuros complexos doutros tantos, parece que se vai consolidando e acadando cada vez mais a atención das nosas xentes. Xa non é o galego a lingua dos pobres e dos incultos, senón dos universitarios e de persoas de múltiples e elevados coñecementos en tódolos terreos. Ben é certo que aínda queda moito por facer. Pero pouquiño a pouco e con empuxóns como os que supoñen estes premios concedidos a Alfredo Conde e a Paco Martín, iremos andando o camiño de cara á normalización total da nosa cultura.

A todo isto hai que engadir a recente aparición de tres dicionarios da nosa lingua: o de Alonso Estravís (tres tomos con mais de tres mil páxinas), o de Ir Indo Edicións (tres tomos con mais de dúas mil páxinas e noventa mil voces) e o de Edicións Xerais (un tomo con cerca de mil páxinas e trinta mil voces), os dous últimos normativizados e o primeiro —tamén o mais caro— dentro da tendencia lusista, publicacións ámbalas tres que tamén marcarán un fito importante de cara á expansión e coñecemento da nosa lingua.

Un ano bo, sen dúbida, para as letras galegas.